



BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA 5 MESES DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2020.

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. As tarefas a realizar polos 4 peóns de obras públicas para 5 meses son os seguintes:

- Recollida de lixo nos 105 lugares do municipio.
- Limpeza e desbroce en áreas recreativas (Ledesma, Gastrar, entorno Capela de San Paio, Sucira, etc) e nos accesos ós núcleos de poboación.
- Limpeza viaria de beirarrúas e plazas públicas por medios manuais e varredora nas 14 parroquias do concello.
- Pequenas reparacións e mantemento de edificios municipais.

2. A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.145,95 euros/mensuais de acordo a unha xornada laboral do 90%, e axustada ás necesidades do servizo.

BASE SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B**.
- d) **Habilitación:** non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).
- e) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como desempregado e estar inscrito na ocupación de peón de obras públicas en xeral, identificado co código do **96011029. (Terán que achegar a tarxeta de de demandante de emprego).**

Dado o estado de alarma vixente, as persoas demandantes de emprego cando non podan ser atendidos presencialmente na Oficina Pública de Emprego poderán solicitar mediante o formulario dispoñible no enlace (<https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/formulario-alta-demanda.html>) a tramitación da súa alta como demandante de emprego. As persoas interesadas dadas de alta como demandante de emprego terán que remitir un correo electrónico á Oficina Pública de Emprego oficina.emprego.santiago.norte@xunta.gal, solicitando a ocupación (96011029), indicando: nome e apelidos, enderezo, teléfono, correo electrónico, aportar copia DNI polas 2 caras, e sinalar que queren participar no proceso selectivo da oferta de peón de obras públicas do programa PIL de Boqueixón.

f) O apartado 2 das bases de convocatoria do Programa de Integración Laboral estipula que as persoas a



contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:

- Mulleres.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ó 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Os/as aspirantes presentarán no prazo máximo de 5 días, a contar desde a data de realización das probas, a documentación acreditativa da súa situación de exclusión social, mediante documento orixinal ou copia compulsada no Rexistro do Concello de Boqueixón. De non acreditarse adecuadamente, o/a candidato/a non poderá ser baremado. **Advírtese que a non presentación desta documentación terase por desistido da súa solicitude de participación no proceso selectivo.**

Tal e como indica, na *Resolución de Presidencia número 2020/4819 do 11 de febreiro de 2020* pola que se aproban as bases reguladoras do programa de integración laboral, anualidade 2020, a documentación acreditativa da situación de exclusión laboral de cada persoa traballadora desempregada, é a seguinte:

| | |
|--|---|
| Mulleres e persoas maiores de 45 anos | Fotocopia DNI. |
| Persoas desempregadas de longa duración. | Informe de vida laboral actualizado da Tesourería Xeral da Seguridade Social. |
| Persoas con discapacidade. | Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente. |
| Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero. | Informe da traballadora social do municipio. Que o expedirá á petición do candidato/a interesado/a. |

BASE TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requiringo candidatos/as na ocupación



de **peóns de obras públicas, en xeral**. Código: **96011029**.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba práctica para optar ás prazas.

Os/as candidatos/as participaran nun proceso selectivo con realización de **proba práctica, baremación da condición dos colectivos** anteriormente enumerados, e **baremación de méritos**.

Datas para a realización da proba práctica.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI, ou en calquera outra dependencia que a entidade local acorde.

Para realizar a selección presentárase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e pertencerán a algún dos seguintes colectivos en situación de exclusión laboral

BASE CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

Composición da comisión seleccionadora

1.- A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

2.- A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE:

Un/unha funcionario/a do Concello de Boqueixón,

B.- VOGAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón ou doutra administración local que se designen.

C.- SECRETARIO

O da corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz pero sen voto.

3.- A comisión seleccionadora non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4.- Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados



polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5.- A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6.- Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público

BASE QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará:

| | |
|----------------------------|-----------|
| Proba práctica | 12 puntos |
| Baremación colectivos | 6 puntos |
| Baremación méritos | 1 puntos |
| Puntuación máxima a acadar | 19 puntos |

PROBA PRÁCTICA: Máximo de 12 puntos

A comisión seleccionadora calificará este exercicio entre 0 e 12 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 6. Ten carácter obrigatorio e será eliminatorio. Sen embargo, se non se acada pola puntuación como mínimo un número de candidatos igual ó dos postos a contratar a comisión seleccionadora poderá baixar a nota de corte o que considere axeitado para garantir que se cubran os postos obxecto de selección.

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización das proba/s. Estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, é decir, manexo do equipo de traballo e vehículos municipais, maquinaria de obras e xardinería. Por exemplo: desbrozadoras, varredora, tractor, circular, cortasetos, motoserra, equipo de protección individual, etc.

Para realizar a proba práctica o concello decidirá o protocolo a seguir sobre a convocatoria presencial da proba práctica das persoas candidatas para garantir as medidas hixiénico-sanitarias de prevención de contaxios.

BAREMACIÓN DAS SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN LABORAL: Máximo de 6 puntos

Valorarase cada un deles a razón de 1 punto, podendo ser acumulativos. Sendo o máximo a acadar neste apartado 6 puntos. Os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente estas situacións.

| Colectivo | Puntuación |
|--|------------|
| - mulleres. | 1 |
| - maiores de 45 anos cumpridos. | 1 |
| - persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%. | 1 |
| - Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que | 1 |



| | |
|--|---|
| leven un mínimo de 2 anos como demandantes de emprego, segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social. | |
| - Persoas desfavorecidas en situación de drogodependencia. | 1 |
| - Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña Emprego. | 1 |
| - Persoas con fogar monoparental/monomarental. | 1 |
| - Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. | 1 |
| - Persoas vítimas de violencia de xénero. | 1 |
| - Persoas sen fogar. | 1 |

Os/as aspirantes presentarán no prazo máximo de 5 días a contar desde a data de realización das probas a documentación acreditativa da súa situación de exclusión laboral, mediante documento orixinal ou copia compulsada no Rexistro do Concello de Boqueixón. De non acreditarse adecuadamente, o/a candidato/a non poderá ser baremado. **Advírtese que a non presentación desta documentación terase por desistido da súa solicitude de participación no proceso selectivo.**

BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Tal e como se indica na resolución nº 2020/44819 do 2 de febreiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais anualidade 2020, na base 7 “Obrigas e compromisos” no segundo parágrafo di que no proceso selectivo valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. Polo tanto, valorarase con 1 punto ter finalizado favorablemente un programa. **Sendo o máximo a acadar neste apartado 1 punto.**

Para isto os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente os méritos, mediante copia compulsada ou documento orixinal no prazo máximo de 5 días, a contar dende o mesmo día en que se realicen as probas, nas dependencias municipais. De non acreditarse adecuadamente non se procederá baremar este apartado.

BASE SEXTA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A orde de participación no proceso selectivo dos/as aspirantes iniciarase pola orde alfabética dos seus apelidos e nomes.

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a da comisión seleccionadora, levantará acta onde se farán constar as calificacións dos exercicios dos aspirantes e das incidencias e votacións que se produzan. A acta/s numeradas e rubricadas, constituirán o expediente das probas selectivas. Xuntamente coa acta uniranse a documentación acreditativa da situación de colectivo específico.



BASE SÉTIMA. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

- Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes que tendo acredita a súa situación de exclusión laboral e estando en desemprego na data de inicio do proceso selectivo, e ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas.

- Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións de ambas fases.

- No caso de empate a orde establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

a) Maior puntuación acadada na baremación do colectivo.

b) Maior puntuación acadada no apartado de méritos

c) Maior puntuación obtida en cada un dos exercicios da fase proba práctica por orde en que se teñan realizado.

d) Maior número de días sen emprego, acreditado mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.

e) De manterse igualmente o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo apelido. De manterse, procederase a desempatar atendendo o primeiro apelido que comece pola letra «S», segundo RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Consellería de Facenda (DOG. Núm. 27, luns 10 de febreiro de 2020). E de persistir o empate, este resolverase por sorteo.

- En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de prazas convocadas.

- A Comisión seleccionadora queda facultada para determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das calificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde en cada exercicio.

BASE OITAVA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Terminada a calificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da corporación e na páxina web municipal www.boqueixon.gal a relación de aspirantes aprobados, (que estean en situación de exclusión laboral e que estean en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo) pola orde de puntuación, formulando proposta de contratación a favor dos 4 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte dos/as candidatos/as nomeados para o posto da condición de colectivo específico recollido na Base segunda, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós/ás integrantes da lista de reserva dereito algún en relación á outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións finais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de edictos.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta do tribunal será elevada ó alcalde para que



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

formule a contratación das persoas que obteñan a maior puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concurrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ó posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a prestación económica algunha.

BASE NOVENA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATOS.

A presente convocatoria nas súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e das actuacións da Comisión seleccionadora, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e nas normas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso – administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

BASE DÉCIMA: INCIDENCIAS.

1º A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º O presente acordo publicarase no taboleiro de Edictos e na páxina WEB do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com.



ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2020

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en,
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de
**CONTRATACIÓN LABORAL DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA 5 MESES.
XORNADA LABORAL 90%.**

DECLARACIÓN XURADA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:

Que NON SI desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.

Que NON SI realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

- Ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter **(XÚNTASE ANEXO NO REVERSO)**

En Boqueixón, o de de 2020

Sinatura:.....



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

2.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

3.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE BOQUEIXÓN efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

CONCELLO DE BOQUEIXÓN proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE BOQUEIXÓN colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.

Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE BOQUEIXÓN, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXÓN LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____

DNI _____

DATA E LUGAR: _____

SINATURA: _____